



PREGUNTAS FRECUENTES

Axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios, no curso académico 2015/16, nas universidades do Sistema universitario de Galicia que, por causas sobrevidas e imprevistas, teña dificultades económicas para continuar estudos.

CONVOCATORIA


1. Onde se publica a convocatoria e as súas bases?

Publícase no *Diario Oficial de Galicia* (en diante DOG) número 19 do 29 de xaneiro de 2016 e corresponde á Orde do 18 de decembro .


2. Onde pode consultala?

Pode consultala nos seguintes enlaces:

<http://www.edu.xunta.es/portal/node/18078>



<http://sede.xunta.es/portada>





3. Cal é o prazo de presentación de solicitudes?

a) Desde o **30 de xaneiro ata o 29 de febreiro de 2016** se a causa sobrevida e imprevista acontece antes do 29 de xaneiro de 2016 (data de publicación da orde de convocatoria).

b) Se a causa sobrevida e imprevista sucede despois do **29 de xaneiro de 2016** (data de publicación da orde de convocatoria), será dun mes desde que esta acaeza.

EXEMPLOS:

Causa sobrevida e imprevista posterior á data de publicación da convocatoria	O prazo de presentación de solicitudes remata:
Se a causa acontece o 3 de maio	O día 3 de xuño
Se a causa acontece o 22 de xuño	O día 22 de xullo

IMPORTANTE: O último día de prazo no que pode suceder unha causa sobrevida e imprevista ao amparo desta orde é o 30 de xuño e o prazo de presentación de solicitudes remata o día 31 de xullo.

4. En que consiste a bolsa?

É unha axuda económica para o alumnado universitario do Sistema universitario de Galicia (en diante SUG) cunha necesidade urxente de recursos económicos motivada por causas sobrevidas e imprevistas **sucedidas durante o actual curso académico 2015/16, entre o 1 de setembro de 2015 e o 30 de xuño de 2016**, que lle impidan ou dificulten a continuidade dos seus estudos.

5. Que se entende por causa sobrevida ou imprevista?

Enténdese unha situación de:

- Orfandade absoluta.
- Situación de desemprego, falecemento, falta de pagamento acreditada por denuncia ou sentenza de pensións alimenticias nos casos de separación ou divorcio, enfermidade grave, recoñecemento de incapacidade permanente absoluta para todo traballo dalgún dos sustentadores principais da unidade familiar.
- Vítimas de violencia de xénero.
- Vítimas de actos terroristas.



- Outras circunstancias non recollidas que, sendo debidamente acreditadas, repercutan na situación socioeconómica familiar.

6. Onde podo resolver as miñas dúbidas?

- Se son dúbidas relacionadas coa convocatoria, ten que dirixirse a orientacion.sug@edu.xunta.es.
- Se son consultas telefónicas, ten que dirixirse á Sección de Bolsas, do Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios, nos teléfonos 981 544 403/981 545 431/981 545 433.
- Se desexa resolvelas na propia consellería, debe dirixirse á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral de Universidades, Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios, no enderezo Edificio administrativo de San Caetano, s/n - 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).
- Se son dúbidas relacionadas con dificultades técnicas ou se precisa máis información durante o proceso de obtención dos formularios, pode dirixirse ao 012 (teléfono de información) ou ao enderezo 012@xunta.es.

7. Que requisitos debo cumprir?

- a) Necesidade urxente de recursos económicos para paliar a situación de emerxencia derivada dunha causa sobrevida e imprevista.
- b) Que a situación sobrevida e imprevista acontecese durante o actual curso académico 2015/16. Entenderase por curso académico o comprendido entre o 1 de setembro de 2015 e o 30 de xuño de 2016.
- c) Estar matriculado, no curso académico 2015/16, como mínimo en 50 créditos, en estudos universitarios presenciais conducentes a unha titulación de grao, licenciatura, diplomatura, enxeñaría, arquitectura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica, en calquera das universidades do Sistema universitario de Galicia, **agás o alumnado ao que lle reste un número inferior de créditos para rematar os seus estudos que deberá de estar matriculado como mínimo de 30 créditos.**



d) Que a renda per cápita da unidade familiar non sexa superior ao importe anual da pensión non contributiva individual para o ano 2016 é dicir 5.150,60 euros (429,22 euros mensuais, incluída nesta contía a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias).

e) Non ter percibido esta axuda con anterioridade

8. Podo presentar novamente a solicitude se xa fun beneficiario desta bolsa nalgunha das anteriores convocatorias?

Non, só se pode conceder unha vez.

9. Como alumno dun centro asociado da UNED en Galicia, podo solicitar esta axuda?

Non, o alumnado da UNED non é obxecto desta convocatoria.

10. Como estudante dun máster universitario oficial no SUG?

Tampouco, esta axuda non vai dirixida ao alumnado dun máster universitario.

11. Que documentación necesito achegar xunto co formulario de solicitude?

Xunto co formulario de solicitude (anexo I, modelo normalizado ED433A) deberase de achegar:

a) Xustificación da causa sobrevida e imprevista en que fundamenta a petición da axuda para o cal presentará todos os documentos que a proben.

b) Informe do/a traballador/a social do concello en que estea empadroadada a persoa solicitante que recolla a causa sobrevida e imprevista, así como a situación socioeconómica da unidade familiar, anterior e posterior á causa, que motive a necesidade urxente de recursos económicos.

c) Copia do documento acreditativo de matrícula na universidade en que deberá de figurar o importe da matrícula, as materias e o número de créditos en que está matriculado/a no curso académico 2015/16.

d) Informe de vida laboral, actualizado á data da publicación desta orde, de cada membro computable da unidade familiar.



e) Certificado de convivencia emitido polo concello de todos/as os/as membros que compoñan a unidade familiar que residan coa persoa solicitante no domicilio habitual actualizado á data da publicación desta orde.

f) Documentación acreditativa dos ingresos ou rendas da unidade familiar durante o ano 2015 e dos ingresos ou rendas mensuais de cada membro computable da unidade familiar durante o ano 2016.

g) Copia da resolución de concesión ou denegación da bolsa do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte do curso 2015/16, se foi petionario/a dela.

h) Certificación emitida polo SEPE que indique se a persoa solicitante e os/as membros computables da unidade familiar son ou foron perceptores da axuda para o Programa de Recualificación Profesional (PREPARA) regulado no Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, de medidas urxentes para promover a transición ao emprego estable e a recualificación profesional das persoas desempregadas prorrogado polo Real decreto lei 1/2013, do 25 de xaneiro, indicando, se procede, a contía actualmente recoñecida así como aquelas percibidas por este concepto desde o 1 de xaneiro de 2015 ata a data de emisión do certificado, sempre que entre esta data e a de presentación da solicitude da axuda non medie máis dun mes.

i) **Cando a persoa solicitante alegue a súa independencia familiar e económica**, deberá de presentar a documentación xustificativa de ter domicilio en propiedade ou en aluguer e de dispoñer dos medios económicos suficientes para facer fronte aos seus gastos.

12. Que documentación debo achegar se non autorizo á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para realizar as comprobacións e verificacións incluídas nos anexos I e II?

1) Copia do DNI ou do NIE da persoa solicitante e de cada membro computable da unidade familiar maior de idade.

2) Certificación emitida polo Servizo Público de Empleo Estatal (SEPE) da persoa solicitante e de cada membro computable da unidade familiar de prestación actual e de importes percibidos desde o 1 de xaneiro de 2015 ata a data de emisión da certificación, sempre que entre esta data



e a de presentación da solicitude da axuda non medie máis dun mes, comprensivas de calquera prestación por desemprego, contributivas, asistenciais, rendas, subvencións e calquera outra axuda dos diferentes programas de emprego que actualmente e no pasado xestionase o SEPE e recibir prestación ou subsidio por desemprego.

3) Certificación emitida polo Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) que indique se a persoa solicitante e os/as membros computables da unidade familiar son ou foron perceptores de pensións/prestacións do sistema da Seguridade Social, indicando, se procede, a contía actualmente recoñecida, así como aquelas percibidas desde o 1 de xaneiro de 2015 ata a data de emisión da certificación, sempre que entre esta data e a de presentación da solicitude da axuda non medie máis dun mes.

13. Se alego a miña independencia familiar e económica, que outro documento debo presentar?

Debes presentar, ademais da documentación establecida no artigo 4.4 da convocatoria, a documentación xustificativa de ter domicilio en propiedade ou en alugamento e de dispoñer dos medios económicos suficientes para lles facer fronte aos seus gastos.

14. En que consiste o informe do traballador social do concello?

Consiste nun informe emitido polo/a traballador/a social do concello onde está empadroada a persoa solicitante no cal explique a causa sobrevida e imprevista, así como a situación socioeconómica da unidade familiar anterior e posterior á causa que motive a necesidade urxente de recursos económicos.

15. Debo entregar toda a documentación no prazo de presentación de solicitudes?

O que debe presentarse en prazo é o formulario de solicitude (anexo I, modelo normalizado ED 433 A). Non presentalo en prazo significa que non optará á axuda.

16. Cal é o prazo para emendar a solicitude no caso de que non estivese debidamente cuberta ou non presentase a documentación esixida?

Deberá presentar a documentación esixida ou emendar erros no prazo de dez **(10) días hábiles** contados **desde o día seguinte ao da entrega da notificación por correo certificado**. Se así non o fixer, considerarase que desiste da súa petición, logo de resolución de conformidade co



previsto no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

17. Que son días hábiles?

Son os días que a lei designa como aptos para o cómputo de prazos. Cando se fai referencia a que un prazo é de días hábiles, refírese a que no cómputo de días se exclúen os domingos e os declarados festivos, que son inhábiles.


18. Onde debo presentar a documentación complementaria?

Formato electrónico: poderás presentala a través da sede electrónica (<https://sede.xunta.es/portada>)

accedendo á carpeta do cidadán e utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante.



Formato papel: presentárase mediante o modelo “*Emenda ao requirimento*” dispoñible no seguinte enlace (<https://sede.xunta.es/modelos-normalizados>) nalgunha das principais oficinas de rexistro e información da Xunta de Galicia e doutras Administracións que se sinalan neste documento.



19. Que contía se me concederá se resultado beneficiario/a?

A contía dependerá da súa renda *per cápita*. Atoparase entre os seguintes limiares:

Limiars de renda	Contía da axuda
Ata 3.600 €	2.500 €
De 3.601 € a 4.100 €	2.000 €
De 4.101 € a 4.600 €	1.500 €
De 4.601 € a 5.150,60 €	1.250 €

20. Que se entende por unidade familiar?

- ✓ A persoa solicitante.
- ✓ Os pais non separados legalmente e, se é o caso, o titor ou titora ou a persoa encargada da garda e protección do menor.
- ✓ Os/As irmáns/ás solteiros/as menores de vinte e cinco anos e que convivan no



domicilio familiar ou os maiores de idade cando se trate de persoas con discapacidade.

- ✓ Os ascendentes que convivan no domicilio familiar.

21. Quen constitúe a unidade familiar cando non existe vínculo matrimonial?

O pai, a nai e todos os descendentes e ascendentes que convivan con eles.

22. Forma parte da unidade familiar a persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa nai ou co pai do solicitante?

Si, forma parte da unidade familiar.

23. No suposto de divorcio, separación legal ou de feito dos pais, considérase membro computable aquel deles que non conviva co solicitante da axuda?

Non, non é computable.

24. Inclúense as rendas de ambos os proxenitores dentro do cómputo da renda familiar no caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial?

Si, hai que incluílas.

25. Como proba a miña emancipación ou independencia familiar e económica, calquera que sexa o meu estado civil?

Quedarán probada sempre que xustifique que conta con medios económicos propios suficientes que permitan a dita independencia.

Non quedarán probada se os ingresos acreditados resultan inferiores aos gastos soportados considerados indispensables (vivenda, manutención, etc.). Nestes casos, para o cálculo da renda para os efectos desta axuda, computaranse os ingresos correspondentes aos membros computables da familia aos que se refire o artigo 7.

26. Notifícaseme a resolución de concesión/denegación?



Si, a resolución da concesión e denegación das axudas seranlles notificadas ás persoas interesadas de acordo co establecido na lei, estarán debidamente motivadas e expresarán, cando menos, o número de expediente, os datos de identificación da persoa solicitante, o importe e condicións da axuda e, se é o caso, a desestimación e causa de denegación.

27. Como se aboarán as axudas concedidas?

Aboaranse nun pagamento único polo importe que lle corresponda segundo as contías determinadas no artigo 7 da convocatoria, unha vez notificada a resolución de concesión.

28. Onde se ingresa o importe da axuda?

Na conta bancaria indicada polo/a interesado/a.

29. Cales son as obrigas das persoas beneficiarias?

- a) Seguir durante o curso académico, con carácter presencial, os estudos en que se estea matriculado.
- b) Comunicar por escrito calquera variación ou modificación que se produza durante a tramitación do procedemento respecto das circunstancias alegadas na solicitude e de someterse ás actuacións de comprobación que acorde a Secretaría Xeral de Universidades.
- c) Comunicar por escrito a renuncia á axuda no caso de producirse unha causa que determine a dita renuncia.
- d) Informar o órgano que concede a bolsa da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública, ente público ou privado.
- e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, segundo dispón o artigo 14.1 k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- f) Acreditar mediante certificación que está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Esta certificación poderá ser substituída pola declaración responsable que figura dentro do anexo I desta orde, segundo se regula no artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007.



30. Son compatibles estas axudas con calquera outra para o mesmo fin?

Si, son compatibles coas:

- a) Bolsas de matrícula de estudos universitarios outorgadas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para o curso académico 2015/16 e incompatible co resto dos compoñentes desas bolsas.
- b) Axudas outorgadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de inicio e continuación de estudos universitarios para o curso académico 2015/16 .
- c) Con outras axudas e subvencións concedidas para a mesma finalidade, calquera que sexa a súa natureza ou entidade que a conceda.



PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE (PROCEDEMENTO ED 433A)

1. Como solicito a axuda?

Paso 1:

- Entro na web (<http://sede.xunta.es>).
- Busco en Guía de procedementos e servizos o procedemento ED 433A.



Paso 2:

- Elijo unha das dúas formas de presentación:
 - o Tramitación en liña (sede/vía electrónica)
 - o Presencial (formato papel)



Presentación por sede electrónica




1. Que significa presentar a solicitude por sede electrónica (vía web)?

Implica presentar a solicitude de xeito telemático, é dicir, integramente a través de internet (sede.xunta.es) dentro do prazo establecido na convocatoria.

2. Que necesito para iniciar a presentación da solicitude por sede electrónica?

Necesitas ter acceso ao sistema **Chave 365** ou acceder co certificado dixital (**certificado electrónico** admitido pola sede ou **DNI electrónico**).



► Acceso ao Sistema Chave 365

3. Que é o sistema CHAVE 365?

É un sistema que permite aos cidadáns maiores de idade identificarse e asinar documentos na sede electrónica da Xunta de Galicia sen necesidade de usar certificados dixitais nin DNI electrónico



4. Como se solicita?

Como se solicita

Se tes certificado Dixital o DNI electrónico

Debes entrar na páxina sede.xunta.es e acceder a través do icono chave365. Cobres o formulario e remitirase unha clave ao teu teléfono móbil.

Se non tes certificado Dixital ou DNI electrónico:

Debes acudir persoalmente a recoller o formulario, e cubri-lo en calquera dos seguintes lugares:


- Santiago de Compostela. Rexistro Xeral Xunta de Galicia, edificio administrativo de San Caetano
- A Coruña. Rexistro de edificio administrativo da Coruña, Praza Luís Seoane s/n, Monelos
- Ferrol. Rexistro do edificio administrativo de Ferrol, Praza Camilo José Cela, s/n
- Lugo. Rexistro do edificio administrativo de Lugo, Ronda da Muralla, 70
- Ourense. Rexistro do edificio administrativo de Ourense, Avenida da Habana, 79
- Pontevedra. Rexistro do edificio administrativo de Pontevedra. Rúa Fernández Ladreda, 43
- Vigo. Rexistro do edificio Administrativo de Vigo, Praza da Estrela, Rúa Concepción Arenal, 8.

Necesitas levar o DNI, NIE (cidadáns extracomunitarios) ou Certificado de Rexistro de Cidadáns da UE e o pasaporte (si eres cidadán da UE e non tes tarxeta de residencia)

Enviaranche unha clave ao número de teléfono que indiques

5. Onde pode obter máis información sobre o sistema CHAVE 365?

No seguinte enlace <https://sede.xunta.es/chave365>





► **Acceso co certificado dixital**

6. Que certificado necesito para presentar a solicitude pola sede electrónica?

Necesita posuír un certificado dixital/electrónico admitido pola sede electrónica ou un DNI electrónico.

7. Que é un certificado electrónico?

É un certificado que permite identificar electronicamente unha persoa para que esta poida asinar documentos. O seu uso é fundamental nesta sede, xa que permite asinar electronicamente a información que se envía, asegurando a súa integridade e procedencia.

8. Que certificados admite a Xunta de Galicia nesta sede electrónica?

Nestes momentos a sede electrónica da Xunta de Galicia admite o uso dos seguintes sistemas de sinatura electrónica:

1. [DNI electrónico \(DNIE\)](#)
2. [Fábrica Nacional de Moeda e Timbre](#): de persoa física, xurídica e administracións públicas
3. [AC Camerfirma](#): AC Camerfirma RACER e AC Camerfirma Certificados Camerais

No caso de que use un navegador Internet Explorer (IE) non funcionaría a presentación electrónica de procedementos se o usuario importou máis dun certificado. Por exemplo, non sería posible que se realizase a presentación con IE se hai instalados dous certificados da FNMT, un da FNMT e outro de DNIE...

9. Como podo obter un certificado electrónico?

O procedemento habitual consiste en realizar a solicitude do certificado a través da web da autoridade de certificación correspondente. Posteriormente a persoa solicitante debe acreditar a súa identidade nalgunha das oficinas habilitadas pola certificadora, onde obterá o código de solicitude que lle permitirá abordar o último paso, a descarga do certificado vía internet. Nestas ligazóns facilítase a información necesaria para a obtención dos certificados electrónicos de cada unha das entidades recoñecidas por esta sede.

1. [DNI electrónico \(DNIE\)](#)
2. [Fábrica Nacional de Moeda e Timbre](#)



10. Xa teño acceso cun dos dous sistemas (CHAVE 365 ou certificado dixital). Que pasos hei de seguir?

Completas os pasos do formulario e, unha vez que remates de cubrir a solicitude (ED 433A) e agregues os arquivos anexos que che indique a aplicación informática, deberás gardar o borrador, confirmalo para verificar que todo estea correcto e, finalmente, envíalo. Neste intre a aplicación demandarache que o asines dixitalmente. Unha vez que asine dixitalmente, xerarase un código, que será o comprobante de que a túa solicitude foi presentada con éxito.

ED433A - Axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios, no presente curso acad.

Estás en: Inicio > Procedementos e servizos > Listaxe de procedementos > ED433A

ED433A - Axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios, no presente curso académico, nas universidades do sistema universitario de Galicia, que por causas sobrevidas e imprevistas teña dificultades económicas para continuar os estudos.

Solicitude | Documentación | A onde acudir | Obxecto | Normativa

Forma presentación

Tramitación en liña

Iniciar presentación electrónica na sede

Lembre que para completar a presentación deste procedemento poderá ser necesario engadir os anexos dispoñibles na sección "Anexos asociados", debidamente asinados.

Presencial

Modelo de solicitude

Datos solicitude

Prazo de presentación : 30/01/2016 - 01/08/2016.

Se a causa sobrevida e despois da publicación desta orde, o prazo de presentación de solicitudes será dun mes, nestes casos, a data límite para a presentación de solicitudes será o 31 de xullo de 2016.

Prazo de resolución : Tres meses

Prazo de presentación aberto
(30/01/2016 - 01/08/2016)

Tramitación en liña

Iniciar presentación electrónica na sede

Tramitación presencial

Modelo de solicitude

Anexos asociados

Fase de solicitude

> Anexo I

> Anexo II

Procedementos relacionados

> ED322A Axudas complementarias no marco do programa comunitario de mobilidade Erasmus+ destinadas ao alumnado que cursa ensinanza artísticas superiores en centros

Presentación en formato papel

11. Onde está dispoñible o formulario de solicitude?





O anexo I (ED 433A) está dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.es>).

PROCEDIMENTOS E SERVIZOS SERVICIOS COMUNITARIOS

Estás en: Inicio > Procedementos e servizos > Listaxe de...
ED433A - Axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios, no presente curso académico do sistema universitario de Galicia, que teña dificultades económicas para continuar os estudos.

Solicitude Documentación A outros datos

Forma presentación
 Tramitación en liña

Iniciar presentación electrónica na sede
 Lembre que para completar a presentación é necesario engadir os anexos dispoñibles e debidamente asinados.

Modelo de solicitude

Datos solicitude
 Prazo de presentación : 30/01/2016 - 01/02/2016
 Se a causa sobrevida e despois da publicación do anuncio de licitación a presentación de solicitudes será dun mes, nestes casos, a data límite para a presentación de solicitudes será o 31 de xullo de 2016.
 Prazo de resolución : Tres meses

ANEXO I
 XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
 SOLICITUDE
 ED433A
 Curso 2015/16

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE
 NOME: [] PRIMEIRO APELLIDO: [] SEGUNDO APELLIDO: [] DNI: []
 TIPO DE VÍA: [] NOME DA VÍA: [] NÚMERO: [] BLOQUE: [] ANILAS: [] PORTA: []
 BARCELONA: [] JIJES: []
 CP: [] PROVINCIA: [] CONCELLO: [] LOCALIDADE: []
 TELÉFONO: [] TELÉFONO MÓBIL: [] CORREO ELECTRÓNICO: []

E. NA Súa REPRESENTACIÓN (debido a incapacitación ou representación fiduciaria por calquera motivo referido en apartado F.1)
 NOME: [] PRIMEIRO APELLIDO: [] SEGUNDO APELLIDO: [] DNI: []
 TIPO DE VÍA: [] NOME DA VÍA: [] NÚMERO: [] BLOQUE: [] ANILAS: [] PORTA: []
 BARCELONA: [] JIJES: []
 CP: [] PROVINCIA: [] CONCELLO: [] LOCALIDADE: []
 TELÉFONO: [] TELÉFONO MÓBIL: [] CORREO ELECTRÓNICO: []

DATOS BANCARIOS
 Detallar, tanto a unha responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.
 TITULAR DA CANTA: []

LEMBRE asinar o formulario de solicitude.

Por favor, rellene o seguinte formulario. No se poidan guardar datos escritos en este formulario. Imprima o formulario completo si desexa tener unha copia de los registros.

do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de prestacións de desemprego que constan en poder do Servizo Público Estatal (SEPE) do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de prestacións da Seguridade Social que constan en poder do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informásete de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun fichero de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do fichero, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a su@edu.xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE
 Orde do 18 de decembro de 2015 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios, no curso académico 2015/16, nas universidades do Sistema Universitario de Galicia, que por causas sobrevidas e imprevisibles teña dificultades económicas para continuar os estudos.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data: [] de [] de []

12. Unha vez cuberto o formulario, onde o presento?



Podes presentalo no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (Edificio administrativo de San Caetano, s/n, 15781, Santiago de Compostela) ou ben en calquera unidade administrativa das que se relacionan a continuación:

a) Nas principais oficinas de rexistro e información da Xunta de Galicia (<http://www.xunta.es/oficina-de-rexistro-e-informacion/presentacion>), que son:

■ **Oficinas dos edificios administrativos (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)**, cuxos enderezos se relacionan:

- **Santiago de Compostela:** Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, edificio administrativo de San Caetano, s/n.

- **A Coruña:** Rexistro do Edificio Administrativo da Coruña, praza Luís Seoane, s/n, Monelos.

- **Ferrol:** Rexistro do Edificio Administrativo de Ferrol, praza Camilo José Cela, s/n.

- **Lugo:** Rexistro do Edificio Administrativo de Lugo, rolda da Muralla, 70.

- **Ourense:** Rexistro do Edificio Administrativo de Ourense, avenida da Habana, 79.

- **Pontevedra:** Rexistro do Edificio Administrativo de Pontevedra, rúa Fernández Ladreda, 43, Campolongo.

- **Vigo:** Rexistro do Edificio Administrativo de Vigo, praza da Estrela, rúa Concepción Arenal, 8.

Outras oficinas principais: en Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo e Ourense (<http://www.xunta.es/oficina-de-rexistro-e-informacion/presentacion>).

Así mesmo, o seguinte buscador (<http://www.xunta.es/oficina-de-rexistro-e-informacion/localizacion-das-oficinas>) facilita a localización por palabras, provincias ou concellos, das oficinas de rexistro propias da Xunta de Galicia. Ademais, a través destas ligazóns tamén se pode consultar a relación de entidades locais galegas que recollen documentación para a Xunta de Galicia (Portelo Único) ou a Administración xeral do Estado (060).

b) Nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, a calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribise o oportuno convenio.

c) Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.



d) Nas representacións diplomáticas ou as oficinas consulares de España no estranxeiro (<http://www.exteriores.gob.es>).

e) Calquera outro que establezan as disposicións vixentes.

13. Como podo enviar a solicitude e a documentación a través dunha oficina de Correos en España?

Se se realiza o envío por correo postal, este deberá ser certificado e presentarse na oficina en sobre aberto, para que o persoal de Correos sele a solicitude (anexo I, ED 433A) e lle dea data de entrada. Con isto garántese que a data de remisión sexa anterior á de peche da convocatoria.

Todas as solicitudes deberán ir remitidas a:

Rexistro Xeral da Xunta de Galicia
Edificio Administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña

Non se admiten como medio de presentación de solicitudes os servizos de mensaxería privados.



1. Cando se cobre a epígrafe “Na súa representación” do anexo I?

Esta epígrafe só se cobre se a solicitude (anexo I) é cuberta, asinada e presentada pola persoa que se designe como representante legal.

Por favor, rellene o seguinte formulario. No se pueden guardar datos escritos en este formulario. Imprima el formulario completo si desea tener una copia de los registros.

XUNTA DE GALICIA
**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

ANEXO I

PROCESAMENTO
AYUDAS DESTINADAS AO ALUMNADO QUE CURSE ESTUDIOS UNIVERSITARIOS, NO PRESENTE CURSO ACADÉMICO NAS UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA, QUE POR CAUSAS SOBREVEDAS E IMPREVISTAS TENA DIFICULTADES ECONÓMICAS PARA CONTINUAR OS ESTUDIOS.

CÓDIGO DO PROCESAMENTO: **ED433A** DOCUMENTO: **SOLICITUDE**

Curso 2015/16

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME: PRIMEIRO APELLIDO SEGUNDO APELLIDO NIF

TIPO DE VÍA: NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA: LUGAR

CP: PROVINCIA: CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO: TELÉFONO MÓBIL: CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fiduciaria por calquera medio válido en dereito)

NOME: PRIMEIRO APELLIDO SEGUNDO APELLIDO NIF

ENDEZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA: NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA: LUGAR

CP: PROVINCIA: CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO: TELÉFONO MÓBIL: CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certo os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA: NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍGITOS)

IBAN

DATOS ACADÉMICOS

TITULACIÓN: UNIVERSIDADE

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

A sinatura da solicitude (anexo I continuación) ten que cadrar coa identidade da persoa que apareza na epígrafe “Na súa representación”.

Por favor, rellene o seguinte formulario. No se pueden guardar datos escritos en este formulario. Imprima el formulario completo si desea tener una copia de los registros.

XUNTA DE GALICIA
**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

ANEXO I
 (CONTINUACIÓN)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do sistema de Galicia e administración pública, de conformidade co artigo 3 do decreto 266/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

() SI NON (mehta caso achegárase a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de prestación de desemprego que constan en poder do Servizo Público Estatal (SEPE) do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, de conformidade co artigo 2.b) da Lei 11/2007, do 22 de maio, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

() SI NON (mehta caso achegárase a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de prestación da seguridade social que constan en poder do Instituto Nacional de Seguridade Social (INSS) do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, de conformidade co artigo 2.b) da Lei 11/2007, do 22 de maio, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

() SI NON (mehta caso achegárase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informoalle de que os datos persoais que facilito neste formulario quedará rexistrados nos ficheros de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de tramitar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do fichero, utilizando mediante envío dun correo electrónico a sueledu.xunta.es.

LEXICÓN APLICABLE

Desde o 18 de decembro de 2014 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios, no curso académico 2015/16, nas universidades do sistema universitario de Galicia, que por causas sobrevedas e imprevisibles teña dificultades económicas para continuar os estudos.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

_____ de _____ de _____ de _____



Xuntaríase tamén (-) o “Documento de representación”, cuberto polo solicitante da axuda e dispoñible no seguinte enlace <https://sede.xunta.es/modelos-normalizados>

Documento de representación



Este documento ten que ser obrigatoriamente asinado pola persoa outorgante –**solicitante**– e pola persoa autorizada –**representante do solicitante**–.

The screenshot shows a web browser displaying a form titled 'UNIVERSIDADES DO SUG QUE POR CAUSA SOBREVIDA E IMPREVISTAS TEÑA DIFICULTADES ECONÓMICAS PARA CONTINUAR ESTUDOS.' The form includes sections for 'DATOS DA PERSOA OUTORGANTE', 'ENDERZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN', 'AUTORIZO A:', 'ACEPTACIÓN DA REPRESENTACIÓN', and 'SIGNATURA DA PERSOA OUTORGANTE' and 'SIGNATURA DA PERSOA AUTORIZADA'. There are arrows pointing from the text above to the signature fields.

2. Debo cubrir con carácter obrigatorio a declaración responsable que aparece no anexo I?

Si, debe cubrila tanto no caso de non ter solicitada ningunha outra axuda para este mesmo proxecto como se solicitase ou se lle concedese outro tipo de bolsa para a mesma finalidade.

The screenshot shows a web browser displaying a form titled 'DECLARACIÓN RESPONSABLE'. It includes sections for 'DATOS BANCARIOS' and 'A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA'. The 'DECLARA' section contains a list of questions and a table for 'ORGANISMO', 'ESTADO (1)', and 'IMPORTE (€)'. There is an arrow pointing from the text above to the 'DECLARA' section.



3. É necesario marcar o SI na casilla correspondente do anexo II para autorizar á Secretaría Xeral de Universidades a consultar datos do SEPE, INSS, SVDI de cada un dos membros da unidade familiar?

Si, é necesario para a comprobación destes datos. Igualmente é imprescindible que cada un dos membros da unidade familiar asine a devandita autorización.

Secretaría Xeral de Universidades

XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II

MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA QUE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA POIDA SOLICITAR DATOS DE PRESTACIÓNS DE DESEMPREGO E DE SEGURIDADE SOCIAL AO MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL E DATOS DE VERIFICACIÓN DE IDENTIDADE.

A/As persoa/s que abaixo asina/n autoriza/n a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a consultar os datos de prestacións de desemprego que constan en poder do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) e de prestacións de Seguridade Social que constan en poder do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Así mesmo, autoriza/n a consultar os datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

AUTORIZACIÓN PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS DE PRESTACIÓNS DE DESEMPREGO, DA SEGURIDADE SOCIAL E VERIFICACIÓN DO DNI

Parentesco con a persoa solicitante	Nome e apelidos	NIF	SEPE	INSS	SVDI	Sinatura
			<input checked="" type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input checked="" type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input checked="" type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	

Se **NON** autoriza á Secretaría Xeral de Universidades para realizar estas comprobacións deberá presentar a documentación solicitada no artigo 4.4.a) da convocatoria:

Secretaría Xeral de Universidades

XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II

MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA QUE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA POIDA SOLICITAR DATOS DE PRESTACIÓNS DE DESEMPREGO E DE SEGURIDADE SOCIAL AO MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL E DATOS DE VERIFICACIÓN DE IDENTIDADE.

A/As persoa/s que abaixo asina/n autoriza/n a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a consultar os datos de prestacións de desemprego que constan en poder do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) e de prestacións de Seguridade Social que constan en poder do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Así mesmo, autoriza/n a consultar os datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

AUTORIZACIÓN PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS DE PRESTACIÓNS DE DESEMPREGO, DA SEGURIDADE SOCIAL E VERIFICACIÓN DO DNI

Parentesco con a persoa solicitante	Nome e apelidos	NIF	SEPE	INSS	SVDI	Sinatura
			<input type="radio"/> SI <input checked="" type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input checked="" type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input checked="" type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	